



Ayuntamiento de Vigo  
Secretaria General-Pleno  
Expte. 4300/1101

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

1.- O Pleno do Concello, na súa sesión de data 3.07.2023, de conformidade co artigo 75.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), aprobou os cargos con dedicación exclusiva e parcial, así como o réxime de dedicación destes últimos. Corresponde ao grupo municipal popular "un/unha concelleiro/a" que realice as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva.

2.- Por Resolucións da Alcaldía de data 7.07.2023 e 17.08.2023 designouse aos concelleiros e concelleiras que exercen as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva.

3.- En sesión ordinaria celebrada con data 26.02.24, o Pleno do Concello de Vigo tomou coñecemento da renuncia á acta de concelleira de D<sup>a</sup> Marta Fernández-Tapias, que desempeñaba as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva.

4.- En data 1.03.2024, número rexistro pleno 4300/1101, os membros do grupo municipal do Partido Popular comunican que o concelleiro que desempeñara as funcións en réxime de dedicación exclusiva será D. Jose Miguel Martín Peña, con efecto dende o 1.03.2024.

Conforme o artigo 75.5 da Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local corresponde ao Alcalde-Presidente a adopción dos acordos determinando os membros da Corporación que realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial.

Polo exposto, e visto o conforme da Intervención Municipal, de data 4.03.24, esta Alcaldía, **RESOLVE**

**Primeiro.-** O concelleiro D. José Miguel Martín Peña exercerá as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva cun importe bruto anual 65.688,70 € (exercicio 2024) con efectos dende a data do 1 de marzo de 2024.

**Segundo.-** As retribucións especificadas para cada cargo ,así como os trienios que no seu caso correspondan por prestación de servizos noutras Administracións Públicas no caso dos cargos con dedicacións exclusiva, aboaranse en catorce pagas agás as dos Concelleiros/as con dedicación parcial que abonaranse en doce. Os importes das retribucións revisaranse anualmente na mesma proporción que as do persoal ó servizo do Concello.

**Terceiro.-** As retribucións por dedicación exclusiva implicarán a súa incompatibilidade con outras con cargo ós orzamentos das Administracións Públicas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/03/2024 10:06	Páxina 1 de 2
4300-1101	CSV: AHA444-2E5923-3B2E57-GWNG3A-LZPBR7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

e dos entes, órganos ou empresas deles dependentes, así como o desenvolvemento doutras actividades, todo iso nos termos da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas.

**Cuarto.-** Os Concelleiros/as que desenvolvan as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial non percibirán indemnizacións por asistencia ás sesións de órganos colexiados da Corporación ni do Organismo Autónomo Municipal Xerencia Municipal de Urbanismo.

**Quinto.-** Dar de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social ao corporativo mencionado, asumindo a Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda.

**Sexto.-** Notificar a presente Resolución ao interesado, entendéndose implícita no escrito citado no antecedente cuarto a aceptación da dedicación.

**Sétimo.-** Notificar a presente Resolución á Unidade de Persoal deste Concello, á Tesourería Municipal e á Intervención Xeral.

**Oitavo.-** Dar conta individualizada ao Pleno da presente Resolución na vindeira sesión ordinaria. Proceder a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e na páxina web do Concello (Sede Electrónica).

Vigo, na data que figura ao marxe deste documento asinado electronicamente  
JVf/am

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez

Dou fe, o Secretario de Administración Municipal  
Jose Villan Fuertes



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/03/2024 10:06	Páxina 2 de 2
4300-1101	CSV: AHA444-2E5923-3B2E57-GWNG3A-LZPBR7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		